



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

DON JOSÉ ÁNGEL SANTOS SÁNCHEZ, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRIOL, PROVINCIA DE LUGO.

VISTO o disposto nas bases da convocatoria para a selección de persoal laboral temporal de catro posto de Técnicos para o Plan Integrado de Emprego "A-CTIVATE 2", a desenvolver nos Municipios de Friol, Rábade, Outeiro de Rei e Begonte, ao abeiro da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 11 de Xullo de 2017.

VISTO que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o día 17 de Xaneiro do actual, publicouse as bases da mencionada convocatoria.

Visto que con data 8 de Febreiro do actual, en cumprimento coas bases da convocatoria, apróbase a lista definitiva de admitidos e excluídos, resolución que publicouse na páxina web (www.concellodefriol.es) e no taboleiro de anuncios do Concello de Friol.

VISTA a selección de persoal realizada o día 15 de Febreiro do actual. Unha vez feita a proba escrita e a baremación de méritos, procedeuse á publicación do lista provisional de candidatos seleccionados, tanto na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Friol. Á vista da reclamación presentada por D. Rafael Serrano Hernández, o órgano de selección reuniuse no día de hoxe e considerou rexeitar ás alegacións presentadas en relación coas súas puntuacións polas razóns expostas confirmando a puntuación outorgada con anterioridade. Por conseguinte o órgano de selección procedeu á publicación no día de hoxe do listado definitivo de candidatos/as seleccionados/as e acordou formular proposta de contratación das candidatas que a continuación se relacionan, debido a que son as que acadaron maior puntuación:

- Dona Estefanía Moirón Cacharrón para o Concello de Outeiro de Rei.
- Dona Ana Díaz Felpeto para o Concello de Begonte.
- Dona Verónica Fernández Núñez para o Concello de Rábade.
- Dona María Corral Rodríguez para o Concello de Friol.

Á vista do actuado na proposta realizado polo órgano de selección e en cumprimento na vixente lexislación,

DECRETO:

- A contratación das traballadoras propostos polo órgano de selección, para o servizo de Plan Integrado de Emprego "A-CTIVATE 2" polo prazo e coas retribucións e condicións sinaladas nas Bases de Convocatoria e na Resolución da Convocatoria da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Todo elo supeditado ao cumprimento do establecido no Artigo 8 das Bases da Convocatoria para a selección de persoal laboral temporal de catro postos de Técnicos para o Plan Integrado de Emprego "A-CTIVATE 2" referido á capacidade funcional, deberá acreditarse mediante a presentación de Certificación Médica ou equivalente.
- Para o caso de que se produzan renuncias das seleccionadas, con anterioridade ou posterioridade da realización dos contratos de traballos ou con posibles baixas de enfermidade, procederase á cobertura das mesmas pola orde de puntuación outorgada polo órgano de selección co fin de asegurar a cobertura dos postos de traballo.

O que manda e asina en Friol a 26 de Febreiro de 2018



José Ángel Santos Sánchez (1 de 1)
Alcalde-Presidente
Fecha Firma: 26/02/2018
HASH: cbe3ee3b24e41857e8f963d238461f



Cód. Validación: 4ZWC7JZZQG9HNNQWQW2QKFI Verificación: <http://friol.sedelectronica.es/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Páxina 1 de 1